

**REGULAMENTO DE  
PARTICIPACIÓN EN  
COMPETICIÓN DEPORTIVAS  
INTERUNIVERSITARIAS**

Capítulo 1. Ámbito de aplicación .....	2
Capítulo 2. Das persoas participantes .....	3
Capítulo 3. Da selección de deportistas e equipos .....	4
Capítulo 4. Dos dereitos e vantaxes dos/das deportistas Participantes .....	5
Capítulo 5. Responsabilidades dos/das deportistas .....	6
Capítulo 6. Do comportamento durante a competición e as viaxes .....	7
Capítulo 7. Das actuacións indebidas .....	8
Capítulo 8. Do tratamento das actuacións indebidas .....	9

## CAPÍTULO 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

### Artigo 1. As competicións deportivas interuniversitarias

Para os efectos deste regulamento, considéranse competicións deportivas interuniversitarias as competicións e as probas deportivas en que participe a Universidade de Vigo xunto con outras institucións de ensino superior, ben sexan de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

### Artigo 2. Propostas de participación

2.1. A participación da Universidade de Vigo nas competicións deportivas externas estará sometida aos acordos da Comisión de Extensión Universitaria e á normativa específica ou dos órganos competentes.

2.2. A Comisión de Extensión Universitaria poderá aprobar anualmente o límite máximo de gasto para participar neste tipo de competicións, así como un custo máximo por deportista e por día de competición.

2.3. Correspóndelle á Área de Benestar, Saúde e Deporte propoñer a participación da Universidade de Vigo en competicións externas, así como atender as propostas que puidesen realizar as persoas pertencentes á comunidade universitaria.

2.4. É obriga da Área de Benestar, Saúde e Deporte divulgar debidamente e coa suficiente antelación a existencia de todas e cada unha das competicións deportivas nas que sexa posible a libre concorrència das persoas pertencentes á comunidade universitaria.

### Artigo 3. Principio de igualdade de oportunidades

3.1 A Área de Benestar, Saúde e Deporte velará por garantir a igualdade de oportunidades entre as persoas pertencentes á comunidade universitaria, prestando atención a que non se produzan distincións por razón de xénero, modalidade deportiva ou campus, entre outras causas.

3.2 En relación coa igualdade de xénero, fomentaranse as modalidades máis igualitarias. Inclúranse tamén medidas de acción positiva que favorezan unha participación equilibrada entre mulleres e homes como deportistas, adestradores/as ou como persoas delegadas das expedicións.

### Artigo 4. A Comisión de Participación en Competicións Externas

A Comisión de Extensión Universitaria nomeará unha comisión de participación en competicións externas para garantir a correcta aplicación do presente regulamento.

Serán membros desta comisión:

- O vicerreitor/a con competencias en materia de Extensión Universitaria ou persoa en quen delegue.
- O director/a técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte ou persoa en quen delegue.
- Un técnico/a en actividades deportivas da Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- Dúas persoas representantes da Comisión de Extensión Universitaria.

## CAPÍTULO 2. DAS PERSOAS PARTICIPANTES

### Artigo 5. Persoas participantes

Teñen a consideración de representantes da Universidade de Vigo todas as persoas deportistas, delegadas, adestradoras e responsables das delegacións que en nome da universidade participen en competicións ou en eventos deportivos.

### Artigo 6. Deportistas

6.1. Para participar nas competicións de ámbito universitario en calidade de deportista será necesario posuír a condición de estudante, PDI ou PAS da Universidade de Vigo, segundo os termos recollidos ao respecto nos Estatutos da Universidade de Vigo e na normativa de desenvolvemento destes.

Excepcionalmente, por causa xustificada e sempre e cando a normativa da propia competición de que se trate o permita, poderá autorizarse a participación de persoas non pertencentes á comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

6.2. Para o caso de competicións precedidas de fases previas ou clasificatorias, poderá ser esixida a participación nestas (campionatos internos, galegos...), o que será recollido nos correspondentes requisitos e criterios de selección.

Cando, por causa xustificada, unha persoa non teña participado nesa fase, poderá ser igualmente seleccionada sempre que cumpra co resto de requisitos establecidos nos criterios de selección.

Esta excepción deberá ir fundamentada nun informe técnico motivado por parte do persoal da Área de Benestar, Saúde e Deportes.

### Artigo 7. Adestradores/as

A Área de Benestar, Saúde e Deporte nomeará os adestradores/as, que serán as persoas responsables da dirección técnica dos e das deportistas e dos equipos.

### Artigo 8. Responsables das expedicións

Cando se realicen desprazamentos, a Área de Benestar, Saúde e Deporte nomeará un xefe/a de expedición, que actuará como representante da universidade e será o/a responsable último das decisións de tipo organizativo que se deban tomar.

Ao remate da competición, os xefes/as de expedición deberán achegarlle un informe escrito á Área de Benestar, Saúde e Deporte, nun modelo facilitado para tal efecto.

### Artigo 9. Delegados/as

Nas modalidades deportivas de participación colectiva, a Área de Benestar, Saúde e Deporte poderá nomear unha persoa que asista o adestrador/a e as persoas integrantes do equipo en cuestións organizativas.

## CAPÍTULO 3. DA SELECCIÓN DE DEPORTISTAS E EQUIPOS

### Artigo 10. Requisitos e criterios específicos de selección

10.1. A Área de Benestar, Saúde e Deporte presentaralle á Comisión de Extensión Universitaria unha proposta de requisitos e criterios de selección de deportistas e equipos para cada competición e modalidade deportiva ao principio de cada curso académico. Nesta proposta estableceranse as condicións que deben cumprir as persoas aspirantes, así como as normas aplicables para establecer unha orde de prelación entre elas, no caso de ser necesario.

10.2. Os requisitos e os criterios deberán ser ratificados no primeiro cuadrimestre do curso pola Comisión de Extensión Universitaria, e serán obxecto de revisión e publicación anual.

10.3. Cando non se conte aínda con criterios de selección específicos para algunha competición ou modalidade, o persoal técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte contará igualmente co asesoramento de técnicos/as deportivos especialistas na modalidade de que se trate.

10.4. Nas competicións por equipos teranse en primeiro lugar en conta os requisitos e os criterios establecidos para tal efecto, como o nivel deportivo conxunto ou os resultados acadados en fases previas da competición, entre outros.

### Artigo 11. Aplicación e verificación dos requisitos e criterios

Corresponderalle ao persoal técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte aplicar os criterios e comprobar o cumprimento dos requisitos por parte dos/as deportistas. Nos casos en que se considere necesario asegurar un determinado nivel deportivo poderase solicitar o aval técnico das federacións deportivas correspondentes.

### Artigo 12. Inscripción das persoas candidatas

Unha vez publicados os criterios e os requisitos de participación por modalidade deportiva, as persoas interesadas disporán dun prazo para presentar a súa candidatura como representantes da Universidade de Vigo. Para tal efecto disporán dun formulario dispoñible na aplicación para a xestión en liña da Área de Benestar, Saúde e Deporte.

Tanto no caso das modalidades de participación individual coma nas competicións por equipos, a inscrición desenvolverase de xeito individual e directamente polos/as deportistas, de xeito que se responsabilizan persoalmente dos compromisos que como consecuencia lles poidan corresponder.

No caso das persoas federadas, estas achegarán unha autorización expresa do seu club.

### Artigo 13. Notificación da condición de seleccionado/a

A Área de Benestar, Saúde e Deportes comunicaralles a condición de deportista seleccionado ás persoas pola forma establecida para tal efecto, mediante a solicitude do correspondente xustificante de recepción.

No caso de non acreditar os requisitos de inscrición na data establecida, as persoas inscritas perderán o seu dereito de participación.

#### **Artigo 14. Renuncias**

As persoas seleccionadas disporán dun prazo de renuncia ao remate do cal serán inscritas na competición correspondente e adquirirán de xeito automático o compromiso firme de participación.

#### **Artigo 15. Persoal asesor**

Para preparar os criterios de selección, a Área de Deportes contará co asesoramento das federacións deportivas correspondentes e dos clubs máis destacados da súa contorna.

Na medida do posible, e por proposta destas federacións, contarase de forma regular co asesoramento dun/dunha especialista por modalidade. Estas persoas tamén serán as responsables da dirección das probas de selección ou das competicións clasificatorias das súas modalidades deportivas, no caso de habelas.

#### **Artigo 16. Tratamento e protección dos datos de carácter persoal**

A Universidade de Vigo tratará os datos de carácter persoal facilitados polas persoas inscritas nunha base de datos da súa propiedade e de acordo co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A finalidade deste tratamento é a inscrición nos servizos e actividades deportivas que desenvolve ou nas que participa a Universidade. A base legal que lexitima o tratamento é a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e a Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, en cumprimento do artigo 6.1e) do Regulamento (UE) 2016/679, dado que o tratamento é necesario para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

### **CAPÍTULO 4. DOS DEREITOS E VANTAXES DOS/DAS DEPORTISTAS PARTICIPANTES**

#### **Artigo 17. Instalacións deportivas**

As persoas seleccionadas poderán contar cos horarios de adestramento que as persoas asesoras ou os adestradores/as consideren acaídos, sempre que a dispoñibilidade das instalacións deportivas así o permita.

Este dereito manterase ata o remate do curso no que teña lugar a competición e alongarase ata o curso seguinte.

#### **Artigo 18. Apoio técnico-deportivo**

Nos casos en que se considere oportuno, proporcionaráselles ás persoas seleccionadas a asistencia dun adestrador/a responsable tanto do traballo de preparación para a competición coma da participación e desenvolvemento nela.

A asistencia aos adestramentos aos que sexan convocadas as persoas deportistas será obrigatoria, agás por unha causa debidamente xustificada.

## Artigo 19. Material e roupa deportiva

19.1 Proporcionaráselles o material deportivo necesario para unha axeitada participación, así como a roupa deportiva oficial, ás persoas seleccionadas. En ningún caso estas prendas contribuirán a reproducir estereotipos sexistas.

## Artigo 20. Desprazamento e aloxamento

A Universidade de Vigo farase cargo da organización do desprazamento e do aloxamento para participar en competicións e en probas deportivas externas de carácter oficial que teñan lugar fóra da localidade de estudos ou do traballo da persoa participante.

## Artigo 21. Seguro de asistencia

As persoas deportistas que a Universidade de Vigo desprace a calquera competición deportiva de carácter externo disporán dun seguro de asistencia que inclúa a cobertura dos posibles accidentes deportivos.

## Artigo 22. Recoñecemento académico

O alumnado representante da Universidade de Vigo en competicións deportivas oficiais poderá solicitar o recoñecemento de créditos académicos en función do establecido ao respecto polos órganos competentes da Universidade de Vigo.

## CAPÍTULO 5. RESPONSABILIDADES DOS/AS DEPORTISTAS

### Artigo 23. Responsabilidades de tipo xeral

23.1. Cada deportista responsabilízase da veracidade dos datos achegados no momento da súa inscrición.

23.2. No caso do persoal PDI e PAS, e sempre que a competición coincida co seu horario laboral, estes achegarán un escrito de autorización conformado pola persoa responsable da súa unidade.

23.3. Os/As deportistas finalmente seleccionados adquiren automaticamente o compromiso de participación. Só as situacións de forza maior ou de enfermidade, correctamente documentadas, que impidan a súa asistencia á competición, se poderán considerar causas debidamente xustificadas de ausencia.

23.4. A través da súa inscrición, as persoas participantes comprométese tamén a cederlle á Área de Benestar, Saúde de Deporte os dereitos de imaxe derivados da súa participación na competición para a que fosen seleccionadas.

23.5. Todas as persoas participantes usarán a vestimenta oficial da Universidade de Vigo entregada para tal efecto durante as viaxes de ida e de regreso, así como durante a participación nas competicións. Estas pezas de roupa deberán vestirse correctamente, gardando o decoro que corresponde.

Non estará autorizado o uso da vestimenta oficial da Universidade de Vigo en lugares ou situacións alleas ao contexto deportivo (saídas nocturnas, festas...), agás coa autorización expresa da Área de Deportes.

#### **Artigo 24. Responsabilidade de tipo económico**

24.1. As persoas participantes serán as responsables do equipamento e do material deportivo entregado para o seu uso persoal, e deberán asinar un documento da súa recepción.

24.2. No caso dos artigos entregados en calidade de préstamo, estes devolveránselle ao/á responsable da expedición no momento de rematar a competición e para tal efecto asinarase un documento de entrega. De non producirse o reintegro total ou parcial do material, A Universidade de Vigo poderá esixir a súa reposición.

24.3. A non comparecencia sen causa xustificada dunha persoa deportista a unha competición para a que foi seleccionada poderá supoñer a reclamación dos gastos ocasionados (reserva de aloxamento, pagamento dos medios de transportes etc.).

24.4. As persoas deportistas responsabilizaranse do aboamento dos gastos ocasionados polas súas actuacións cando se realicen de maneira negligente ou temeraria.

## **CAPÍTULO 6. DO COMPORTAMENTO DURANTE A COMPETICIÓN E AS VIAXES**

#### **Artigo 25. Comportamento durante a competición**

25.1. As persoas participantes deberán competir con deportividade, respectando o/a rival e o sentido deportivo da competición.

25.2. As persoas participantes serán puntuais e manterán un estrito cumprimento dos horarios establecidos.

25.3. Será obrigatoria a asistencia aos actos oficiais aos que sexan convocados pola organización (acto de apertura, recepcións, entrega de trofeos...), agás unha autorización expresa da Área de Benestar, Saúde e Deporte.

25.4. Estarán prohibidas as actuacións que impliquen condutas consideradas non apropiadas como fumar en lugares onde non estea permitido, consumir irresponsablemente bebidas alcohólicas, non respectar os horarios de descanso do resto de participantes, alterar o normal funcionamento do lugar de concentración ou incumplir as instrucións ditadas polas persoas responsables das expedicións.

#### **Artigo 26. Normas de disciplina deportiva propias de cada competición**

As persoas integrantes das delegacións universitarias deberán cumprir as esixencias recollidas nos regulamentos de disciplina deportiva das competicións en que vaian participar.



## CAPÍTULO 7. DAS ACTUACIÓNS INDEBIDAS

### Artigo 27. Condutas indebidas de carácter moi grave

27.1. Non asistir, sen causa xustificada, a un campionato ou proba para a que a persoa foi seleccionada e inscrita, cando a comunicación desta non asistencia sexa menor de sete días respecto do inicio da competición.

27.2. Non presentarse, sen causa xustificada, a unha proba ou un encontro durante a realización dun evento ou campionato.

27.3. Adoptar unha actitude pasiva, non competitiva ou irrespectuosa cos contrarios, os xuíces ou xuízas, os organizadores/as ou cos seus propios compañeiros/as durante a celebración dun encontro ou proba deportiva.

27.4. Agredir, intentar agredir ou ameazar a outras persoas participantes na competición, a un espectador/a ou a calquera persoa que forme parte da organización do evento.

27.5 Situacións de acoso sexual ou por razón de sexo e/ou agresión sexual.

27.6. Faltar á veracidade dos datos proporcionados no momento da inscrición.

### Artigo 28. Condutas indebidas de carácter grave

28.1. Non acudir, sen causa xustificada, a un campionato ou proba para a que a persoa foi seleccionada e inscrita, cando a comunicación desta non asistencia se realice entre sete e catorce días respecto do inicio da competición.

28.2. Non asistir a algún acto oficial convocado pola organización da competición (acto de apertura, recepcións, entrega de trofeos...), cando as persoas participantes foran informadas previamente da súa convocatoria.

28.3. Non devolver, total ou parcialmente, e sen causa debidamente xustificada, a roupa ou o material entregado en calidade de préstamo.

28.4. Consumir irresponsablemente as bebidas alcohólicas, fumar en lugares inadecuados, non respectar os horarios de descanso, alterar o normal funcionamento do lugar de concentración ou incumprir as instrucións da Área de Benestar, Saúde e Deporte.

28.5. Adoitar actitudes ou ter comportamentos considerados como non apropiados ou supoñer prexuízos graves para a imaxe da Universidade de Vigo.

### Artigo 29. Condutas indebidas de carácter leve

29.1. Non asistir, sen causa xustificada, a un campionato ou proba para a que a persoa fora seleccionada e inscrita, cando a comunicación desta non asistencia sexa maior de catorce días respecto do inicio da competición.

29.2. Se expulsado ou excluído da competición por mor de condutas antideportivas, sempre e cando non se consideren faltas máis graves.

29.3. Adoitar actitudes ou ter comportamentos que se poidan considerar como non apropiados ou supoñer prexuízos graves para a imaxe da Universidade de Vigo, sempre e cando non se consideren faltas máis graves.

29.4. Facer un uso inadecuado da indumentaria oficial.

## CAPÍTULO 8. DO TRATAMENTO DAS ACTUACIÓNS INDEBIDAS

### Artigo 30. Medidas derivadas das condutas indebidas

30.1. Para as condutas indebidas de carácter moi grave: perda do dereito a participar nas actividades organizadas pola Área de Benestar, Saúde e Deporte, a usar as instalacións deportivas universitarias ou a representar a Universidade de Vigo en competicións externas, durante un período dun a tres anos, sen prexuízo doutras que lle poidan corresponder en aplicación do Regulamento de disciplina académica legalmente vixente.

30.2. Para as condutas indebidas de carácter grave: perda do dereito a participar nas actividades organizadas pola Área de Benestar, Saúde e Deporte, a usar as instalacións deportivas universitarias ou a representar a Universidade de Vigo en competicións externas, durante un período de seis meses a un ano, sen prexuízo doutras que lle poidan corresponder en aplicación do Regulamento de disciplina académica legalmente vixente.

30.3. Para as condutas indebidas de carácter leve: perda do dereito a participar nas actividades organizadas pola Área de Benestar, Saúde e Deporte, a usar as instalacións deportivas universitarias ou a representar a Universidade de Vigo en competicións externas, durante un período de ata seis meses, sen prexuízo doutras que lle poidan corresponder en aplicación do Regulamento de disciplina académica legalmente vixente.

### Artigo 31. Dos expedientes sancionadores

A Comisión de Participación en Competicións Externas poderá iniciar expedientes sancionadores por instancia da Área de Benestar, Saúde e Deporte, de calquera persoa interesada ou por instancia propia, en relación coas actuacións recollidas no capítulo 6 do presente regulamento.

A instrución dos expedientes correspóndelle ao xefe/a de servizo da xestión universitaria.